

Madrygal: outra ponte cara Galicia desde Madrid

Por **Miguel Louzao**

Madrygal vai xa polo número 4. Entre as numerosas colaboracións, cómpre salientar a entrevista a Sabino Torres, animador da histórica colección de poesía *Benito Soto* e, agora, de Hipocampo Amigo. Miguel Louzao é o lector de galego na Universidade Complutense de Madrid.

- 07:28 14/03/2002

Desde o seu nacemento en 1998 a revista *Madrygal* non deixou de ser unha feliz realidade anual. Nacida e promovida desde a facultade de Filoloxía da Universidade Complutense de Madrid e centrada exclusivamente na nosa cultura, converteuse de vagariño nunha publicación das máis importantes de cantas se publican fóra do territorio galego. Tanto no que antinxe á diversidade dos temas tratados (lingua, literatura, antropoloxía, pintura, cine, etc) coma no que respecta a escritores, profesores, investigadores e mesmo alumnos (das materias de Linguas e Literaturas galegas da Universidade Complutense de Madrid, maiormente) que participaron coas súas colaboracións, *Madrygal* ocupa un lugar relevante como difusora da cultura galega en Madrid e fóra de Galicia.

No último número, que vén ser o catro, aparecen artigos chegados desde Galicia de X. Alonso Montero, A. Requeixo e M. A. García. Mais tamén outros escritos nesas *Galicias* que están espalladas polo mundo: desde Estados Unidos escriben Alberto Avendaño e X. González Millán; de Uruguai C. Zubillaga, de Andalucía A. López e A. Pociña, etc. Mais a maioría está realizado desde Madrid (J.J. Carracedo, M. Martínez Xoubanova, C. Mejía, María José Postigo, etc.), sobre todo as crónicas e a creación. Esta última realizada por escritores galegos residentes en Madrid (X. Frías Conde, R. Yáñez, V. Veiguela e Maite Dono) ou de madrileños que escriben en galego (S. González, Luís L., E. Requejo). Eis un dos principais labores que fai esta revista: achegar autores novos en castelán á creación en galego. O mesmo acontece coas traducións, que nesta ocasión presenta unha texto do escritor catalán-galego Xulio Ricardo Trigo. As reseñas de obras galegas, feitas a maioría desde Madrid, ofrecennos unha visión externa da escrita na nosa lingua. Capítulo aparte merece a entrevista a Sabino Torres, un dos principais promotores da colección de poesía **Benito Soto** cando a fame e o medo impedían ver a poesía, do que fala abondosamente na mesma.

Unha das principais características desta revista, alén de difusora das obras, autores e temáticas galegas, está na recepción: cunha revista coma esta, ao noso parecer, pode o lector facerse unha idea da imaxe que de nós se ten na capital do estado, xa que a que a maioría das colaboracións teñen a súa orixe en Madrid. As pescudas de cada quen poden fornecer datos interesantes. ¿Somos o que nos parece que somos ou somos o que cren que somos? Como queira que sexa esta revista é unha ventada de aire húmido nas terras secas da meseta.

Dir. María Josefa Postigo e Carmen Mejía Ruíz

Secr. Ana Acuña Trabazo

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos.

Madrid: Universidad Complutense de Madrid.

ISSN 1138-9664

Para as subscricións, escriban a: c/Isaac Peral, s/n 28040 Madrid.

Para a correspondencia coa revista diríxanse a: Madrygal. Revista de Estudios Gallegos. Departamento de Filología Románica y Filología Eslava. Facultad de Filología (Edificio B. Planta 7). Ciudad Universitaria 28040 Madrid. Ou a este [correo electrónico](#).